

GRADUADA/O EN ENFERMARÍA

REGULAMENTO DO TRABALLO

FIN DE GRAO

INDICE

	<u>Páxina</u>
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	3
OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DO TFG	4
DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG	4
OFERTA DE TEMAS E TIPOS DE TRABALLO	4
TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN	6
CONVOCATORIAS E OPORTUNIDADES	6
PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG	6
AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓNS	8
MATRÍCULA , CALENDARIO ACADÉMICO E ACTAS	9
CONSULTA E PUBLICACIÓN DOS TFG	9
ANEXOS	
ANEXO I: PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO	10
ANEXO II: INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TFG	12

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade establece no artigo 14.6 de “Directrices generales para el diseño de los planes de estudios de las enseñanzas de grado” que “O traballo de fin de grao, de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial, ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do ou da estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Este traballo de fin de Grao dispoñerá de un mínimo de 6 créditos para todos os títulos, e un máximo de 24 créditos para los títulos de 240 créditos,” e que o dito traballo “Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos, seguindo os criterios que cada universidade ou centro estableza. Así mesmo, os traballos de fin de Grao deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que, para tal efecto, estableza o centro ou, se for o caso, a universidade”.

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG marcados no plan de estudos de Graduado/a en Enfermaría que se imparten neste centro, de acordo coa *Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de Grao (TFG) e do traballo fin de Máster Universitario (TFM)*, aprobadas polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2024.

1.2. O contido deste regulamento complétase co resto de normativas, regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, a matrícula, defensa, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

1.3. A Comisión de Garantía de Calidade (CGC) será o órgano encargado de xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación deste regulamento segundo o acordado na Xunta de Escola.

1.4. O TFG consta de 6 créditos que se realizarán no segundo cuadrimestre do cuarto curso. Os estudos concluirán coa elaboración e defensa do Traballo de Fin de Grao que estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título, tal como prevé a ORDEN CIN/2134/2008 polo que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de enfermeira/o.

2. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DO TFG.

2.1. O Traballo de Fin de Grao consiste na realización dun traballo individual dirixido, orientado a que a/o alumna/o demostre:

- Capacidade para integrar os coñecementos, habilidades e actitudes adquiridas.
- Capacidade para utilizar as mellores evidencias científicas.
- Capacidade para contribuír á investigación nos Coidados Enfermeiros.
- Capacidade para profundar nas temáticas de interese.
- Capacidade para formular, deseñar e xestionar proxectos.

2.2. O nivel de complexidade do TFG deberá posibilitar que a/o estudante o realice no número de horas equivalentes aos 6 créditos ETCS asignados no plan de estudos.

2.3. Para a defensa e avaliación do TFG a/o alumna/o debe ter superado o resto dos créditos do título.

2.4. O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen realizar o TFG sen prexuízo de que se poidan compartir eses dereitos se así o acordasen o/a autor/a e as persoas implicadas na elaboración do TFG.

3. DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG

3.1. O TFG será dirixido por un membro do profesorado da Escola con docencia no plan de estudos do título de Grao.

O/a profesor/a será responsable de:

- Orientar no desenvolvemento do TFG.
- Realizar o seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.

3.2. O TFG poderá ser dirixido por un máximo de dúas persoas, director/a e codirector/a. A función do/a codirector/a é dar apoio e orientación en temas e/ou ámbitos específicos nos se que desenvolva o TFG

De ser o caso, a/o estudante deberá presentar unha solicitude motivada para a súa aprobación pola CGC. Nesta solicitude deberá constar a conformidade do/a director/a.

4. OFERTA DE TEMAS DOS TFG E TIPOS DE TRABALLOS

4.1. Os temas ou as liñas dos TFG, deberán adscribirse aos seguintes campos temáticos:

- Bloque I.- Práctica profesional, ética e legal.
- Bloque II.- Educación e bases teóricas e metodolóxicas da Enfermaría.
- Bloque III.- Prestación e xestión de coidados enfermeiros.
- Bloque IV.- Comunicación terapéutica e relacións interpersoais

4.2. A CGC aprobará e publicará un documento cos temas e número máximo de estudantes que pode dirixir cada profesor/a.

4.3. A elección de director/a polo alumnado realizarase de xeito presencial na data que o centro establecer. O expediente académico utilizarase como criterio para establecer a orde de prioridade na elección.

4.4. A CGC aprobará unha proposta de asignación provisional e coa publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamación.

4.5. A CGC publicará a listaxe definitiva unha vez resoltas as reclamacións. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado. En calquera caso, sempre que a CGC o autorizar.

4.6. Se o alumnado realízase a matrícula no período ordinario, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.2, 4.3 e 4.4 deberán estar finalizados antes do 30 de novembro.

Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.2, 4.3 e 4.4 deberán estar finalizados antes do 30 de marzo.

4.7. Os estudantes poderán elixir entre os seguintes tipos de traballos:

- **Traballo de revisión bibliográfica.**
Permite aos estudantes identificar, analizar e resumir a literatura existente para determinar o coñecemento actual sobre un tema, área ou problema.
- **Deseño proxecto de investigación.**
Permite aos estudantes realizar o deseño dun estudo co obxectivo de definir coidadosamente cada unha das partes que debe conter un traballo científico.
- **Traballos de investigación.**
Permite aos estudantes explorar, describir e analizar fenómenos relacionados coa actividade profesional.
- **Estudo de caso.**
Permite aos estudantes realizar a análise minuciosa dun caso para comprender en profundidade o problema de estudo.

5. TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

- 5.1. A CGC seleccionará de entre todos os docentes, os membros de cada tribunal avaliador e os estudantes asignados a cada un dos tribunais.
- 5.2. Cada tribunal estará formado por tres profesoras/es que exercerán como presidenta/e, secretaria/o e vogal. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal.
- 5.3. A CGC establecerá as datas para a defensa dos TFG, segundo períodos do calendario académico da UDC.
- 5.4. A Secretaria Académica será a encargada de publicar lugar, data e horario da defensa dos TFG, segundo o acordado pola CGC. Esta publicación farase cunha antelación mínima de 5 días naturais á defensa.

6. CONVOCATORIAS E OPORTUNIDADES.

- 6.1. Para a súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico, tendo en conta que a consideración de “Non Presentado” (NP) non esgota oportunidades, agás no caso de adianto de oportunidade (previsto no apartado 5 do artigo 19.º das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario).
- 6.2. De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos, poderá defendelo no período establecido para a **primeira edición**. Aquel/a estudante que non supere a defensa do TFG na referida oportunidade, poderá utilizar como **segunda oportunidade**, ao seu criterio, **tan só unha** das edicións establecidas nese mesmo curso académico.
- 6.3. A **segunda edición** de defensa e avaliación dos TFG realizarase no mes de xuño, nas datas que o Centro establecer, de acordo ao período establecido no calendario académico da UDC.
- 6.4. A **terceira edición** de defensa e avaliación realizarase no mes de setembro, nas datas que o Centro establecer, de acordo ó período establecido no calendario académico da UDC.

7. PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG

- 7.1. Para optar a defensa e avaliación de TFG a/o estudante deberá depositar na Secretaría Virtual **un exemplar do traballo finalizado en versión pdf** antes de finalizar o prazo establecido.

Instrucións relativas á presentación dos TFG.

- O traballo deberá estar redactado en galego ou en castelán.
- Os traballos contarán cunha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 50 páxinas, (incluídos ANEXOS) en formato A-4. O tipo e tamaño da letra en todo o texto será Arial 12 puntos e o entreliñado utilizado será de 1,5. Nas figuras e táboas será Arial 10 puntos e o entreliñado de 1,0.
- As marxes axustaranse ás seguintes dimensións: superiores e inferiores de 3 cm., lateral esquerdo de 4 cm. e lateral dereito de 3 cm.
- O texto debe estar paxinado na marxe inferior.
- No pé de paxina debe incluírse o título do traballo, que non ocupará mais dunha liña. No caso de títulos longos incluírase un título abreviado.
- O documento do Traballo de Fin de Grao incluírá obrigatoriamente:

Portada do Traballo de Fin de Grao. Realizarase cumprimentando o Anexo I (portada do Traballo de Fin de Grao)

Índice. En folia aparte especificarase os títulos e subtítulos que iran numerados na marxe esquerda, e paxinados na dereita.

Resumo: Estará redactado en galego, castelán e inglés.

O documento tamén poderá incluír:

Figuras. Serán citadas no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada figura irá numerada na orde de citación no texto e acompañada dun pé de figura no que se explique brevemente o que se pretende ilustrar.

Táboas. Ó igual que as figuras, citaranse no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada táboa irá numerada, independentemente das figuras, na orde de citación no texto e acompañarase dun breve título ilustrativo.

Abreviaturas. Deben especificarse só a primeira vez que se utilizan no texto.

7.2. As datas de entrega serán:

Primeira edición. Para os estudantes que só teñan pendentes o TFG, a data límite de entrega será o día de remate do período de avaliación da primeira oportunidade (xaneiro/febreiro), segundo o establecido no calendario académico da UDC.

Segunda edición. A data límite de entrega será o día de remate do período de avaliación para a primeira oportunidade (xuño), segundo o establecido no calendario académico da UDC .

Terceira edición. A data límite de entrega será o día 30 de xullo.

7.3. Para realizar a defensa a/o estudante deberá facer a solicitude a través da Secretaría Virtual, na que indicará o momento de defensa elixido.

7.4. A/o estudante defenderá o seu TFG de xeito público e presencial. Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada, a/o estudante poderá solicitar a defensa do seu TFG en modalidade virtual, para o que presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante a directora/r centro, quen a resolverá unha vez comprobado que se dan as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen esta modalidade de defensa.

7.5. A presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados no proceso formativo, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

7.6. Cada estudante disporá dun tempo mínimo de 5 minutos e un máximo de 10 minutos de exposición, poderá axudarse de medios informáticos e audiovisuais. Con posterioridade, terá que responder aos requirimentos que puideren formularlle os membros do tribunal.

7.7. O plaxio total ou parcial do traballo considerárase unha falta grave.

8. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

8.1. O tribunal establecerá a cualificación aplicando os criterios de avaliación descritos da guía docente. A/O Secretaria/o do Tribunal cumprimentará e asinará a correspondente Acta de Cualificación, que se fará pública antes de que transcorran 72 horas dende a defensa do traballo.

8.2. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

a) 0-4,9 suspenso

b) 5,0-6,9 aprobado

c) 7,0-8,9 notable

d) 9,0-10 sobresaínte

8.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra a/o alumna/o que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

8.4. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG, levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

9. MATRÍCULA, CALENDARIO ACADÉMICO E ACTAS

9.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se a/o alumna/o reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen aos 6 créditos asignados ao TFG.

9.2 Para formalizar a matrícula do TFG, as/os estudantes deberán reunir os requisitos establecidos na normativa da UDC.

9.3. O Centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

9.4. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

10. CONSULTA E PUBLICACIÓN DOS TFG

10.1. A CGC seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).

10.2. A/o estudante deberá autorizar o depósito e a publicación do seu TFG no RUC, a través da Secretaría Virtual. De non ser rexistrado este permiso, entenderase que non autoriza a súa publicación no RUC da UDC.

ANEXO I:

PORTADA DO TRABALLO FIN DE GRAO

GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 20__-__

TRABALLO FIN DE GRAO

Título (Arial 18, negriña, minúsculas, interliñado 1,5)

Nome e apelidos (Arial 14, negriña, minúsculas)

Director/a:

Presentación do traballo (mes/ano) (Arial 12, negriña, minúsculas)

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II:

INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO.

TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA. APARTADOS:

1. **RESUMO.** O resumo conterá as ideas principais da revisión e estará estruturado nos seguintes apartados: introdución e obxectivo/s, metodoloxía, resultados, conclusións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS.** Presentará o tema de estudo, incluíndo definicións clave, antecedentes relevantes, datos epidemiolóxicos e o estado actual. Xustificarase a importancia da revisión, destacando o seu impacto e a pertinencia da súa execución para contribuír ao avance ou comprensión do tema abordado. O/s obxectivo/s serán claros e concisos, e estarán correctamente formulados.
3. **MATERIAL E MÉTODOS.** Describirá o deseño do estudo e, se procede, a guía de verificación empregada. Especificará as fontes de información utilizadas, o período temporal da busca, e os operadores booleanos e filtros empregados para limitar os resultados. Explicitará os criterios de inclusión e exclusión, xustificando as decisións tomadas para a selección ou exclusión dos estudos. Realizará unha avaliación inicial de títulos e resumos, eliminará artigos duplicados e comprobará os criterios mediante a lectura completa dos textos. Establecerase un procedemento para resolver discrepancias por consenso entre as partes implicadas. Extraerá a información relevante dos estudos incluídos. Indicará, se procede, os métodos e criterios empregados para avaliar a calidade metodolóxica dos estudos incluídos.
4. **RESULTADOS.** Recollerá o diagrama de fluxo dos artigos seleccionados, indicando os motivos de exclusión. Conterá unha táboa con tódolos artigos incluídos, detallando as características do estudo, da mostra e outros datos relevantes, xunto co número de referencia bibliográfica. Os resultados responderán aos obxectivos establecidos, presentándose de forma clara e concisa. A avaliación da calidade metodolóxica será presentadas de maneira xustificada, conforme ao tipo de revisión realizada.
5. **DISCUSIÓN.** Presentará o resumo dos resultados principais no primeiro parágrafo. Realizarase una interpretación global fundamentada, incluíndo comparacións entre os estudos da revisión e engadindo reflexións relevantes sobre outros estudos similares. Analizaranse posibles contradicións nos datos, identificaranse as posibles deficiencias no coñecemento científico, e discutiránse as posibles limitacións e fortalezas do estudo.
6. **CONCLUSIÓN.** Sintetizarán as achegas clave da revisión, aliñándose cos obxectivos establecidos. Proponanse medidas de mellora, como investigacións futuras e programas de sensibilización, destacando as implicacións clínicas para a saúde e prevención de enfermidades.
7. **BIBLIOGRAFÍA.** As referencias empregadas serán recentes, pertinentes e relevantes para a revisión, así como para a bibliografía de referencia na área de estudo. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

DESEÑO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA. APARTADOS:

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, dificultades e limitacións do estudo, beneficios ou apartacións e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.** Presentará a problemática do tema de estudo, os antecedentes o estado actual do tema e a xustificación da realización do estudo.
3. **DEFINICIÓN DE HIPÓTESE E OBXECTIVOS.** Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA.** Describirá o tipo de deseño, ámbito do estudo, poboación /mostra do estudo (criterios de inclusión, criterios de exclusión), captación, recrutamento e proceso de asignación se procede, variables, ferramentas ou técnicas de recollida de datos, e as probas, procesos ou métodos de análise dos datos.
5. **CONSIDERACIONES ÉTICAS.** Incluirá os códigos éticos, legais e/ou deontolóxicos aplicables. Presentará os formularios que se requiran para levar a cabo o estudo nos que se incluírá a información esencial.
6. **LIMITACIÓNS E BENEFICIOS.** Describirá as posibles limitacións e beneficios que aportará o estudo.
7. **CRONOGRAMA.** Describirá de forma xeral o plan de traballo previsto para a realización do estudo.
8. **DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.** Indicará as revistas e reunións científicas da temática do estudo onde difundir os resultados.
9. **MEMORIA ECONÓMICA E FONTES DE FINANCIAMENTO.** Describirá de forma xeral o presuposto necesario para a realización do proxecto. Describirá as fontes de financiamento no ámbito da enfermaría.
10. **BIBLIOGRAFÍA.** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ESTUDO OU TRABALLO DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA. APARTADOS:

1. **RESUMO.** O título indicará o tema e suxeitos a estudo. O resumo Será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, dificultades e limitacións do estudo, beneficios ou apartacións e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.** Presentará a problemática do tema de estudo, os antecedentes o estado actual do tema e a xustificación da realización do estudo.
3. **DEFINICIÓN DE HIPÓTESE E OBXECTIVOS.** Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA E CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Describirá o tipo de deseño, ámbito do estudo, poboación /mostra do estudo (criterios de inclusión, criterios de exclusión),

captación, recrutamento e proceso de asignación se procede, variables, ferramentas ou técnicas de recollida de datos, e as probas, procesos ou métodos de análise dos datos.

Detallará as consideracións éticas e legais que correspondan. Aportará o consentimento informado e a folla de información á/ao participante, de ser o caso. Presentará a aprobación do Comité de Ética da Investigación para a realización do estudo ou xustificará a súa ausencia.

5. **RESULTADOS.** Presentará, de xeito claro, os resultados relativos ó problema de investigación. Poderá incluír táboas ou figuras para reproducir os resultados.
6. **DISCUSIÓN.** Presentará a interpretación dos resultados e os comparará coa evidencia dispoñible. Indicará as limitacións e erros do estudo.
7. **CONCLUSIÓN.** Presentará as conclusións extraídas da análise dos resultados e os futuros traballos ou liñas de investigación a desenvolver.
8. **BIBLIOGRAFÍA.** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

DESEÑO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CUALITATIVA. APARTADOS.

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, resultados, discusión e conclusións e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.** Presentará a importancia do problema ou fenómeno obxecto de estudo utilizando a evidencia científica dispoñible. Xustificará a necesidade e transcendencia da realización do estudo, respondendo aos interrogantes fundamentais que atravesan o proceso de investigación (que? por que? como? debo? podo/quero?)
3. **PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN E OBXECTIVO.** Exporá a finalidade do estudo e/ou pregunta de investigación e os obxectivos do estudo, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA.** Describirá a metodoloxía e o enfoque metodolóxico. Aportará información sobre o entorno/lugar e factores contextuais, principais criterios da selección mostral e xustificación da mesma, método de acceso e captación de informantes, o criterio de selección das técnicas e instrumentos de recollida de información. Especificará o proceso de análise e interpretación dos datos, os métodos que se utilizarán para organizar os mesmos (tipo de codificación, árbore de codificación, software estatístico...).
5. **LIMITACIÓN E BENEFICIOS.** Describirá as posibles limitacións e beneficios que aportará o estudo.
6. **CRONOGRAMA.** Describirá de forma xeral o plan de traballo previsto para a realización do estudo, coas consideracións propias da investigación cualitativa.
7. **DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.** Indicará as revistas e reunións científicas da temática do estudo onde difundir os resultados.

8. **MEMORIA ECONÓMICA.** Describirá de forma xeral o presuposto necesario para a realización do proxecto. Describirá as fontes de financiamento no ámbito da enfermaría.
9. **CONSIDERACIÓNS ÉTICAS E LEGAIS.** Incluirá os códigos éticos, legais e/ou deontolóxicos aplicables. Presentará os formularios que se requiran para levar a cabo o estudo nos que se incluírá a información esencial.
10. **BIBLIOGRAFÍA.** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ESTUDO OU TRABALLO DE INVESTIGACIÓN CUALITATIVA. APARTADOS.

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, resultados, discusión e conclusións e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.** Presentará a importancia do problema ou fenómeno obxecto de estudo utilizando a evidencia científica dispoñible. Xustificará a necesidade e transcendencia da realización do estudo, respondendo aos interrogantes fundamentais que atravesan o proceso de investigación (que? por que? como? debo? podo/quero?)
3. **PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN E OBXECTIVO.** Exporá a finalidade do estudo e/ou pregunta de investigación e os obxectivos do estudo, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA E CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Describirá a metodoloxía e o enfoque metodolóxico. Aportará información sobre o entorno/lugar e factores contextuais, principais criterios da selección mostral e xustificación da mesma, método de acceso e captación de informantes, o criterio de selección das técnicas e instrumentos de recollida de información. Especificará o proceso de análise e interpretación dos datos, os métodos que se utilizaron para organizar os mesmos (tipo de codificación, árbore de codificación, software estatístico...).
- Detallará as consideracións éticas e legais que correspondan. Aportará o consentimento informado e a folla de información á/ao participante, de ser o caso. Presentará a aprobación do Comité de Ética da Investigación para a realización do estudo ou xustificará a súa ausencia
5. **RESULTADOS.** Presentará, de xeito claro, os resultados e interpretación do problema de investigación. Poderá incluír táboas ou figuras para reproducir os resultados.
6. **DISCUSIÓN.** Presentará a interpretación dos resultados e os comparará coa evidencia dispoñible. Indicará as limitacións e erros do estudo.
7. **CONCLUSIÓNS.** Presentará as conclusións extraídas da análise dos resultados e os futuros traballos ou liñas de investigación a desenvolver .
8. **BIBLIOGRAFÍA.** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ESTUDO DE CASO. APARTADOS:

1. **RESUMO.** O resumo estará estruturado segundo os apartados do traballo, permitindo interpretar de maneira precisa o alcance do traballo. Recollerá as palabras clave, que deberán estar incluídas en Tesauros, cando corresponda. O resumo estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCCIÓN, DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS.** Presentará a situación clínica e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada e explicará a relevancia da situación clínica e o seu interese para enfermaría. Os obxectivos estarán relacionados coa proposta de estudo, ser concisos e ben formulados.
3. **DESENVOLVEMENTO.** A estrutura deste apartado será: Valoración, diagnóstico (diagnósticos enfermeiros e complicacións potenciais), planificación e avaliación/seguimento. O apartado de planificación incluírá: priorización de problemas, resultados e indicadores, intervencións e actividades. Empregará a Taxonomía II de NANDA-I, a Clasificación de Resultados de Enfermaría (NOC) e a Clasificación de Intervencións de Enfermaría (NIC).
4. **DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN.** Os achados relevantes estarán claramente identificados e os resultados estarán descritos e xustificados. Analizará as limitacións e as dificultades, se houbese. Incluírá comparación ou relación fundamentada coas fontes da literatura científica. Identificará as implicacións prácticas e aportará recomendacións para a práctica clínica. As conclusións serán fundamentadas e reflectiran os obxectivos do estudo da situación clínica. Identificará posibles liñas de investigación que acheguen valor ao campo da enfermaría.
5. **CONSIDERACIÓN ÉTICAS.** Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e o anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. O traballo explicará os principios éticos involucrados na toma de decisións da situación clínica, xustificando as accións tomadas en base a estes principios.
6. **BIBLIOGRAFÍA.** As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.